

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....36,06 €
Al semestre.....24,04 €
Mas gastos de envío
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas0,60 €
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas0,90 €
Por ejemplar de más de 12 páginas1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
- Importe mínimo de publicación.....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)

Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento
Sostible

AUGAS DE GALICIA
DEMARCAÇÃO DE LUGO

Información pública

Anuncio

CLAVE: DH.W27.05372.

D^a María Aguiar García, con DNI 33.694.698C, e con enderezo en Ferrería, 2, 27742, Santa María Maior, Mondoñedo (Lugo).

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de cerramento da finca nº 418 do pol. 503 do catastro na zona de policía da marxe dereita do río Baos, no lugar de Cobatín, parroquia de Santa María Maior, no Concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na Ronda Muralla, 70-2º, Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de xaneiro de 2009.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 00378

Información pública

Anuncio

CLAVE: DH.W27.04947.

O Concello de Muras, con CIF P2703300J, e con enderezo en Praza da Galeguidade 4, 27836 Muras (Lugo).

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de construción dunha taxea para cruce do arroio de Barral no camiño de Carelle a O Barral na parroquia de O Burgo do Concello de Muras (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na Ronda Muralla, 70-2º, Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de xaneiro de 2009.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 00379

Información pública

Anuncio

CLAVE: DH.W27.05370.

D. Edelmiro López Rodríguez, con DNI 33.735.714G, e con enderezo en Vidal, 1, 27765 Trabada Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de construción dunha vía de saca de madeira na zona de policía da marxe esquerda do río de Arante, nas fincas nº 231, 234 e 235 do polígono 4 do catastro na parroquia de Arante do Concello de Ribadeo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70-2º, Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 15 de xaneiro de 2009.- O Xefe de Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 00380

Anuncio de información pública

CLAVE: DH.V27.5094.

INGEMARGA, S.A., de conformidade co artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, solicita autorización para o vertido ao Rego da Fraguela (cunca do Río Masma) dun caudal máximo de 2.819,97 m³/ano de augas residuais pluviais procedentes da escorrenta do oco da explotación e da escombreira, e dun caudal máximo de vertido de 99 m³/ano de augas residuais fecais por infiltración no terreo (cunca do Río Masma); xeradas na explotación da canteira de granito ornamental a ceo aberto "Os Agros Nº 261", asentada no lugar Labrada; Concello de Abadín.

As augas residuais pluviais procedentes da escorrenta son recollidas nas canles de drenaxe da explotación e depuradas nunha balsa de decantación que conta cun volume de 120 m³ e de dimensións 12 m. de largo, 5 m. de ancho e 2 m. de profundidade.

As coordenadas UTM do punto de vertido das augas residuais pluviais de escorrenta ao Rego da Fraguela son as seguintes: X= 623.344 e Y= 4.811,958.

As augas residuais fecais son tratadas nunha fosa séptica con filtro biolóxico percolador dimensionada para 6 habitantes equivalentes, de 1.000 l de capacidade e de dimensións 1,16 m. de diámetro e 1,36 m. de altura tanto a fosa séptica como o filtro percolador. Posteriormente, estas augas residuais fecais depuradas son infiltradas no terreo mediante unha zanja filtrante de 20 m. lonxitude e 0,5 m. de ancho.

As coordenadas UTM do punto de infiltración no terreo das augas residuais fecais tras ser depuradas son as seguintes: X= 623.342 e Y= 4.812.047.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de TRINTA (30) DÍAS, contados a partir do seguinte día á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sitas

na Praza Camilo Díaz Baliño de Santiago de Compostela, e no Servizo Territorial Norte de Augas de Galicia sito na R/. Wenceslao Fernández Flórez, 1 - A Coruña; onde se atopa exposto o proxecto para que poida ser examinado por quen desexe.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2009.- O Xefe da Area de Vertidos, Miguel Ángel Varela Sánchez.

R. 00390

AYUNTAMIENTOS

BECERREA

Edicto

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación orzamento xeral para o exercicio económico do 2009, a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para o devandito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de 15 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 26 de xaneiro de 2009.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 00439

LUGO

DECRETO NÚMERO 93/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, vinte e oito de xaneiro de dous mil nove.

De conformidade co previsto na base undécima das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas polo acordo nº 16/573 da Xunta de Goberno Local, de data do 18-6-2008, e ó terse rematado o prazo de presentación de instancias dos procedementos selectivos convocados, entre outros, para a cobertura dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local e visto que non figura ningún aspirante excluído; en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-la lista definitiva de admitidos e

excluídos no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto do Libro de Resolucíons en materia de persoal ó servizo da Corporación, de data do 25 de novembro de 2008, número 961/2008, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 282, do 9 de decembro de 2008, e correspondente as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2008, en quenda de consolidación de emprego temporal, que de seguido se indican:

ADMITIDOS:

VILLAMOR CABADO, MARÍA ISABEL 33.302.875-W

EXCLUIDOS:

Ninguén.

Segundo.- Sinalar que a orde de actuación dos aspirantes iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "Ñ". No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra "Ñ" a orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "O" e así sucesivamente. (BOP nº 207, do 8 de setembro de 2008).

Terceiro.- Proceder á designación nominal do Tribunal cualificador do procedemento selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade a unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego, e que estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

- Dona Marta López Peña, Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: Dona M^a Jesús López Vázquez, Xefa de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

Vogais:

- Don Juan Antonio López Fernández, Licenciado en Administración de Empresas. Profesor de Economía.

Suplente: Don Manuel Méndez Lodos, profesor da escola de Enxeñería superior de Montes.

- Dona María Baza Poudereux, Técnico do Concello de Lugo.

-Suplente: Don Manuel Cao Rei, adxunto de Servizo de Administración Financeira do Concello de Lugo.

- Don Francisco Rivera Iglesias, adxunto de Servizo de Administración Financeira do Concello de Lugo.

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez, adxunto do Servizo de Urbanismo do Concello de Lugo.

Secretario:

- Don Luis Regal Pavón, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Fernando Prado Rodríguez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Cuarto.- Fixar o lugar, data e hora de comezo dos

exercicios, do xeito que a continuación se indica:

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: O venres 13 de febreiro de 2009 ás 9 horas da mañá na dependencia do Servizo de Persoal no Concello de Lugo, sito na Praza Maior s/n.

- O primeiro dos exercicios desenvolverase o venres 13 de febreiro de 2009 ás 9,30 horas da mañá no Salón de Comisións da Casa Consistorial.

- A aspirante deberá ir provista de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Quinto.- Que se dea traslado da presente resolución ó taboleiro de anuncios municipal, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

Os sucesivos anuncios relativos ó proceso selectivo anteriormente mencionado publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.

Cúmprase.

R. 00442

—
SAMOS

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR UNHA PRAZA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE ADMINISTRATIVO, VACANTE NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SAMOS. Oferta de emprego público 2008. sistema de INGRESO: acceso libre.

SISTEMA SELECTIVO: Concurso-oposición.

BASE PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto destas bases é regular o proceso selectivo para cubrir unha praza pertencente a escala de administración xeral, subescala de administrativo, grupo C1, segundo os grupos de clasificación previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, vacante no cadro de persoal do Concello de Samos e incluído na oferta de emprego público para o exercicio do 2008.

O número de prazas convocadas é de: Unha.

BASE SEGUNDA.- Lexislación aplicada.

Resulta de aplicación o Estatuto básico de emprego público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, o RD 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos dos funcionarios/as da administración local; a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Decreto-Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia.

O R.D 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servicio da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís, así como as demais disposicións de concordante e xeral aplicación.

BASE TERCEIRA.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

Esta praza está prevista na oferta de emprego público para o ano 2008, e consta no cadro de persoal aprobado polo Concello - Pleno como pertencente á escala de administración xeral; subescala de administrativo.

As funcións a desenvolver, sinaladas a título meramente descritivo e sen prexulgar as funcións propiamente ordenadoras da relación de postos de traballo son, esencialmente:

1.- Tarefas administrativas de trámite e colaboración, en funcións predominantemente burocráticas.

2.- As ditas funcións centraranse na área administrativa, tales como colaboración e asistencia na preparación de acordos e resolucións, notificacións, etc.

3.- Estas tarefas de asistencia e colaboración, tamén se desenvolverán no eido da xestión e disciplina urbanística e de actividades (licenzas e autorizacións), con aplicación do dereito urbanístico e ambiental.

4.- Colaboración na contratación administrativa e laboral, así como na prestación de servizos municipais e implantación das novas tecnoloxías na administración. Aplicación da lexislación dos empregados públicos e laboral, prevención de riscos laborais, etc.

5.- Aqueloutras funcións que, respectando o seu nivel de titulación e coñecementos lle encomende o Sr. Alcalde ou concelleiro delegado.

Esta praza está dotada coas retribucións previstas pola lexislación para o grupo C1, nivel de complemento de destino 19, e as demais fixadas pola propia Corporación, de acordo cos instrumentos establecidos ó efecto.

BASE CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1) Para ser admitido ao proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español, ou nacional doutro Estado da Unión Europea ou doutro Estado nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/2007, de 12 de abril.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co previsto no Art. 56.1. C) da Lei 7/2007, de 12 de abril

e Art. 32.4 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

c) Estar en posesión do título de bacharelato superior, Formación Profesional de segundo grao, ou titulación equivalente.

d) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas, achegando certificado médico que o acredite.

e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes as que desempeñaban no caso de persoal laboral do que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

2.- Como regra xeral, o cumprimento destes requisitos refírese á data na que remate o prazo de presentación de instancias ou solicitudes de participación e deberán continuarse coa súa titularidade ó longo do procedemento selectivo.

3.- Resulta de aplicación o establecido no artigo 56 do Estatuto Básico de Emprego Público.

BASE QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.1. As persoas que desexen tomar parte do procedemento selectivo desta praza de funcionario de carreira, presentarán solicitude no modelo oficial, que figura no anexo II a estas bases, e que se facilitará nas dependencias municipais. Na solicitude manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria e comprometeranse, no caso de obter a praza, a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/79, ou normativa que o substitúa.

5.2. As solicitudes dirixiranse ó señor alcalde-presidente da corporación municipal, e presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de vinte días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

5.3. As instancias tamén se poderán presentar na forma prevista no artigo 38, apartados 4 e 6 da Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5.4. Os dereitos de participación neste proceso fíxanse na contía de 60 euros, que deberán ingresarse na tesourería municipal. O xustificante do pagamento de tales dereitos xuntarase á instancia presentada. Asemade, achegarase igualmente unha fotocopia compulsada do DNI e dúas fotos tamaño carné. O ingreso daqueles dereitos de participación tamén se poderán facer efectivo no número de conta do Concello de Samos facilitado para tal efecto.

BASE SEXTA.- APORTACIÓN DE MÉRITOS. LIS-

TAXE DE ADMITIDOS/EXCLUIDOS. CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

6.1.- Os interesados aspirantes xuntarán coa súa instancia ou solicitude, no modelo oficial recollido no anexo II, os méritos alegados para a súa avaliación no concurso.

6.2. Os méritos alegados acreditaranse fielmente por medio de certificación expedida por funcionario ou autoridade competente, ou ben presentando os orixinais da documentación na que consten, ou con fotocopias debidamente compulsadas destes.

O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.

6.3. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o señor Alcalde-Presidente do Concello de Samos, dictará resolución na que:

- Declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Nela constará o nome, apelidos e DNI dos aspirantes. Se houbese aspirantes excluídos, indicarase a causa de exclusión e o prazo de rectificación, emenda ou mellora da solicitude que se lles conceda, no caso de ser posible de acordo co previsto no artigo 71, da Lei 30/92, do 26 de novembro. Se non houbese reclamacións contra a lista, quedará elevada automaticamente a definitiva.

- Determínese o lugar, data e hora de constitución do tribunal e comenzo do proceso de selección. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e servirá de emprazamento para os aspirantes.

- Citarase igualmente os membros do Tribunal para que asistan ao trámite de constitución, mediante notificación individual.

Os sucesivos anuncios, agás precepto en contrario, publicaranse no taboleiro de edictos do Concello.

6.4.- Composición do Tribunal.

O Tribunal cualificador estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Titular e suplente: Un funcionario/a de carreira de Administración Local.

Titular: Don Manuel-Ángel Jove Losada, funcionario de carreira de administración local, grupo A1.

Suplente: Dona Teresa Castro Arturo, funcionaria de carreira de administración local, grupo C1.

Secretaria: Titular, a Secretaria-Interventora do Concello de Samos e/ou persoa na que delegue. Titular: Dona M^a José Vázquez Rigueira.

Vogais. Titular e suplente:

- Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a calquera administración pública.

Titular: Don José Domingo Rodríguez Ferreira, funcionario de carreira de administración local, grupo A1.

Suplente: Dona Sandra Abeijón Romero, funcionaria de carreira de administración local, grupo A2.

- Un funcionario pertencente á administración autonómica galega.

Titular: Dona María Auria Bóveda Morandeira, fun-

cionaria da administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Suplente: Dona Raquel Aira González, funcionaria da administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Un funcionario de carreira, de calquera administración pública:

Titular: Dona Divina Trasancos Cabaleiro, funcionaria de carreira, grupo A1.

Suplente: Dona Eva Losada Rivas, funcionaria de carreira, grupo C1.

Tódolos membros do Tribunal deben reunir e cumprir os requisitos sinalados no art. 11 do R.D. 364/1995 de 10 de marzo e o art. 34 do Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, de maneira que ningunha persoa integrante do tribunal terá titulación inferior á esixida para a admisión as probas, debendo aterse esta composición ó art. 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.

6.5.- Actuación do Tribunal.

O Tribunal cualificador non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

O Tribunal resolverá, por maioría dos votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan na aplicación das normas contidas nas presentes bases.

Este Tribunal está facultado para resolver as cuestións que se susciten durante o proceso selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde deste en todo o que non se atope previsto nestas bases. Os seus acordos só poderán seren impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

6.6.- Abstención e recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir e así llo deberán comunicar ao señor Alcalde-Presidente, cando concorra algún dos motivos previstos no artigo 28, da Lei 30/92, do 26 de novembro, (LRX-PAC), e nas demais disposicións aplicables ó caso. Poderán ser recusados polos aspirantes, baseándose nos mesmos motivos e de conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 30/92, do 26 de novembro.

6.7.- Dereitos de asistencia aos Tribunais.

Os membros do Tribunal terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ó abonamento de asistencias, a estes efectos, tomando como pauta orientativa a normativa estatal, este Tribunal terá a categoría terceira.

6.8. Poderá solicita-lo asesoramento dos expertos ou especialistas que determine. Asemade, o Tribunal, se o estima preciso ou conveniente poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores ou especialistas que actuarán como colaboradores do Tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas. Estes asesores tamén terán dereito á correspondente compensación económica.

6.9. O Tribunal, na súa actuación, axustarase ó esta-

blecido nas presentes bases; no non disposto, seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos Colexiados, tanto na Lei 30/92, do 26 de novembro, como na restante normativa de concordante aplicación.

BASE SETIMA.- PROCEDEMENTO SELECTIVO.

7.1. O procedemento selectivo divídese nunha fase de concurso que será previa e unha fase de oposición.

Fase de concurso.

No sistema de concurso-oposición a fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superalas probas da fase de oposición. Así mesmo, a fase de concurso, isto é a valoración dos méritos, formación ou nivel de experiencia non poderá superar o 40% da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición, de conformidade co establecido no art. 38.2 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo.

Nesta fase de concurso avaliaranse os méritos profesionais dos/das aspirantes, de acordo co baremo establecido para esta finalidade, tendo en conta e ponderando os méritos que sirvan para acreditar unha cualificación técnica e experimental en relación cos cometidos propios da praza e posto a desempeñar (subescala administrativo) que pola súa propia definición ten unha dinámica funcional práctica, pero ó mesmo tempo de polivalencia e coñecementos teóricos nucleares que permitan a adaptacións as cambiantes necesidades propias do Concello de Samos, isto é a sinalada polivalencia, polas dificultades da asignación de cometidos especializados, por ter un cadro de persoal exíguo ou pequeno.

De conformidade co establecido na Lexislación da Función Pública de Galicia, e nas disposicións de normalización do idioma galego na Administración Local é obxecto de avaliación específica o coñecemento da lingua galega.

BAREMO DA FASE DE CONCURSO.

I.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.

A) Experiencia profesional por servizos prestados en áreas de administración no sector privado, a razón de 0,10 puntos por cada mes efectivamente traballado.

B) Experiencia profesional por servizos prestados en áreas de administración nunha administración pública, a razón de 0,20 puntos por mes efectivamente traballado.

A estos efectos enténdese por administración pública, calquera das administracións territoriais, e os organismos autónomos e entidades públicas empresarias por eles creados.

Avaliarase neste apartado B) a experiencia profesional que se acredite na Administración de Xustiza e nos órganos Constitucionais do Estado e Estatutarios, das respectivas Comunidades Autónomas.

DISPOSICION INTERPRETATIVA:

Non se prorratean os periodos de tempo inferior a un mes.

A puntuación máxima que se atribuirá a cada aspi-

rante neste apartado de experiencia profesional (I) é de 5,00 puntos.

II.- FORMACIÓN PROFESIONAL.

II.1.- Por cada 30 horas de cursos, xornadas de formación ou formatos análogos de formación, impartidos por institucións públicas ou entidades privadas adicadas a formación profesional e relacionados coas tarefas a desenvolver como administrativo, enunciadas de xeito descritivo na base terceira precedente, outorgase a puntuación de 0,30 puntos ata un máximo de 2,00 puntos.

II.2.- Por cada 20 horas de cursos, xornadas de formación ou formatos análogos de formación, impartidos por institucións públicas ou entidades privadas adicadas a formación profesional, en disciplina informática aplicable as tarefas propias da praza de administrativo, outorgarase a puntuación de 0,20 puntos, ata un máximo de 2,00 puntos.

DISPOSICION INTERPRETATIVA.

. Non se prorrotearán as fraccións inferiores á sinalada como número de horas computables para a asignación da respectiva puntuación.

. A puntuación máxima que se atribuirá a cada aspirante neste apartado de formación profesional profesional (II) é de 4,00 puntos.

III.- POR COÑECEMENTO DO GALEGO.

III.1.- Curso de iniciación ou formación equivalente oficialmente validada, 1,00 punto.

III.2.- Curso de perfeccionamento ou formación equivalente oficialmente validada, 2,00 puntos.

Neste apartado de coñecemento do galego (III) somentes será obxecto de atribución de puntuación o curso de maior graduación que se posúa.

IV.- Por posuír unha titulación universitaria superior a esixida e que acredite aptitude para acometer as tarefas de administrativo de administración xeral dun Concello:

IV.- 1) Licenciado en Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais; Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Políticas e da Administración ou Socioloxía, 2,50 puntos.

IV.2.- Diplomado en Ciencias Empresarias, Relacións Laborais, ou ben acreditar ter finalizados 3 cursos ou créditos equivalentes dalgunha das titulacións universitarias sinaladas no apartado precedente IV. 1,00 punto.

Disposición interpretativa: Somentes será obxecto de avaliación o título de licenciado e non a posesión dos tres cursos requisito imprescindible para a súa obtención; non obstante acumularanse as puntuacións no caso de estar en posesión de dúas ou máis titulacións diferentes e das sinaladas nos apartados 1) e 2) do número IV, ata a puntuación máxima prevista neste apartado IV, de 3,50 puntos.

V.- ENTREVISTA CURRICULAR. Ten por obxecto ou finalidade contrastar os méritos alegados e a súa integración nos cometidos ou función propias da praza de administrativo de Administración Xeral do Concello de

Samos, segundo a descrición recollida na base terceira, ata un máximo de 2,50 puntos.

Fase de oposición.

7.2. A orde de actuación determinarase polo Tribunal, unha vez constituido, e inmediatamente antes de comeza-lo procedemento selectivo. A orde de actuación fixarase por sorteo, ou ben poderá acollerse ó sinalado, para este fin, pola Secretaría de Estado para a Administración Pública, segundo prevé o artigo 17 do RD 364/95, do 10 de marzo.

7.3. Nesta fase de oposición desenvolveranse os seguintes exercicios.

Primeiro exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en respostar, durante 40 minutos, dous cuestionario tipo "test" de 50 preguntas cada un, proposto polo Tribunal e determinado inmediatamente antes do seu comezo, de temas relacionados coa parte xeral do programa que figura como anexo I a estas bases.

O Tribunal proporá 4 cuestionarios e os/as aspirantes terán dereito a elixir dous deles.

Cada pregunta acertada puntuarase con 0,20 puntos

A puntuación desta proba obterase da media aritmética dos dous cuestionarios.

Segundo exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar durante 40 minutos a dous cuestionarios de preguntas e respostas cortas (25 preguntas cada un deles) do temario da parte especial do programa (anexo I a estas bases). Estes cuestionarios versarán sobre a práctica administrativa, propia das funcións dun administrativo de Administración Xeral, substancialmente tendo en conta as funcións enumeradas na base terceira, aínda que non sexa de xeito exclusivo. Cada pregunta acertada puntuarase como 0,20 puntos.

O Tribunal determinará os cuestionarios con carácter inmediatamente anterior ó comezo deste exercicio. Facilitaranse ós aspirantes 4 cuestionarios, dos que os aspirantes terán dereito a elixir dous deles.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un dos temas da parte especial do programa (anexo I a estas bases), durante un tempo máximo de unha hora.

O Tribunal sacará ó chou, inmediatamente antes do comezo deste exercicio, dous temas, dos que os interesados terán dereito a elixir un.

En cumprimento do Art. 35 do Decreto 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este terceiro exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Cuarto exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver, por escrito, dous casos prácticos, a elixir entre catro propostos polo Tribunal, inmediatamente antes do seu comezo, durante un período de tempo de dúas horas, relacionados con materias previstas no anexo I do programa e no que deba acre-

ditarse coñecementos e pericia en relación coas funcións descritas na base terceira que precede.

Nestes exercicios prácticos, trátase de coñecer a capacidades de cada aspirante para desenvolver as tarefas propias de un administrativo, con fincapé especial nas funcións relacionadas na base terceira que antecede

Quinto exercicio.- Obrigatorio e non eliminatorio.

Terase que demostra-lo coñecemento do idioma galego e da linguaxe administrativa. Consistirá na tradución de un ou máis textos necesariamente do castelán ó galego e potestativamente tamén a inversa, nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio será cualificado coa puntuación máxima de cinco puntos.

Terá carácter obrigatorio, e non eliminatorio.

7.3. Os aspirantes deberán acreditar, en cada momento, a súa personalidade con exhibición do DNI, ou identificación correlativa como cidadá da Unión Europea.

BASE OITAVA.- SISTEMA DE AVALIACIÓN.

8.1.- Efectuada a cualificación da fase de concurso, que se acadará mediante a media aritmética dos puntos outorgados por cada membro do Tribunal presente, publicarase no taboleiro de edictos as puntuacións obtidas.

8.2.- Na fase de oposición, á que se pasará rematado o concurso, executarase os cinco exercicios sinalados no apartado anterior.

8.3.- Os catro primeiros exercicios son ademais de obrigatorios, eliminatorios, cualificándose de 0 a 10 puntos. Os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 5,00 puntos en cada un deles serán eliminados.

O quinto exercicio, previsto para acreditar coñecementos do idioma galego normativizado, a linguaxe administrativa galega, así como os estilos na redacción de documentos administrativos é obrigatorio pero non eliminatorio, e puntuarase de 0 a 3,00 puntos.

8.4.- A cualificación de cada exercicio obterase pola media aritmética da puntuación outorgada por cada un dos membros do Tribunal asistentes. No primeiro exercicio tal puntuación obterase da media aritmética dos dous cuestionarios. Esta cualificación publicarase no taboleiro de edictos do Concello.

8.5.- A cualificación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios da fase de oposición. Esta puntuación final publicarase no taboleiro de edictos do Concello.

8.6.- Por razóns de celeridade, coa conformidade de todos os aspirantes, o Tribunal poderá decidir motivadamente, pasar dun exercicio a outro, anque non transcorrese o prazo establecido regulamentariamente.

8.7.- No desenvolvemento deste proceso selectivo, incluídas as probas prácticas estableceranse para as persoas con discapacidade con grao de minusvalidez igual ou superior ó 33% que o soliciten as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempos e medios para a súa realización, para asegurar que as persoas con discapacidade participan en condicións de igualda-

de, en cumprimento da disposición adicional sétima do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

8.8.- O Tribunal non poderá en ningún caso propoñer máis aspirantes como aprobados que o número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobado que contradiga este mandato será nula de pleno dereito.

8.9.- O desenvolvemento do concurso-oposición coa relación de exercicios, así como a puntuación outorgada e a proposta que se leve á Alcaldía-Presidencia, recollerase razoadamente nunha acta, que se levantará ó efecto, elevando a identificación do/a aprobado á Alcaldía-Presidencia.

BASE NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.- No prazo máximo de vinte días naturais contados dende a notificación fiel da proposta de resolución efectuada polo tribunal avaliador do concurso-oposición, o aspirante proposto como elixido ou seleccionado neste proceso, deberá aportar-la documentación acreditativa de que reúne os requisitos esixidos na convocatoria nos termos reflectidos na precedente base cuarta.

9.2.- Se a persoa elixida neste sistema selectivo de concurso-oposición non presenta a documentación requirida no prazo preceptuado, agás causa de forza maior ou caso fortuíto, non poderá ser nomeado funcionario titular da praza obxecto desta convocatoria; sen prexuízo da responsabilidade na que puidese ter incochado por falsidade na solicitude.

BASE DÉCIMA.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN E TOMA DE POSESIÓN.

10.1.- Despois de emitida ou efectuada a proposta de resolución polo Tribunal avaliador deste proceso selectivo de concurso-oposición e achegada a documentación preceptiva, a Alcaldía-Presidencia, dictará resolución motivada efectuando nomeamento para titular da praza obxecto deste concurso-oposición, de conformidade coa antedita relación de aprobados efectuada polo tribunal (ó abeiro do artigo 102 da Lei 7/85, do 2 de abril, na vixente redacción).

10.2.- En todo caso, a resolución deste concurso-oposición será motivada con referencia ó cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria. Acreditarase no procedemento, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido e á avaliación final dos exercicios da fase de oposición, xunto coa baremación da fase de concurso.

10.3.- O/a funcionario/a seleccionado tomará posesión, como máximo no prazo de un mes contado desde a publicación da resolución de nomeamento; tamén se notificará tal resolución individualmente pero o dito prazo, computarase desde a última das publicacións no diario no que se deba publicar.

10.4.- A resolución do concurso-oposición e o novo nomeamento de funcionario será publicado nos boletíns oficiais que proceda e, como mínimo no BOP e no DOG.

10.5.- Unha vez efectuado o nomeamento e tomada posesión darase cumprimento á Lei 53/84, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- IMPUGNACIÓN.

11.1.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, poderán os interesados interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 109 e 116 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo dun mes contado dende a publicación destas bases no BOP.

Tamén poden os interesados acudir directamente a vía contencioso-administrativa sen que se poda simultanear este recurso co de reposición, interpoñendo o dito recurso diante do Xulgado do Contencioso Administrativo con sede na Coruña no prazo de dous meses contado, igualmente, dende a publicación das bases rectoras do proceso selectivo no BOP.

11.2.- Contra as restantes resolucións e actos de trámite poderán os interesados formular reclamacións nos casos e nas formas establecidas pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Disposición final primeira.

O Tribunal queda autorizado para aclarar as dúbidas que xurdan na interpretación destas bases no eido da súa aplicación ó proceso avaliador, así como, para toma-los acordos necesarios para o seu bo desenvolvemento, determinando o modo de proceder, nos casos non previstos.

Disposición final segunda.- Publicidade.

- As presentes bases serán obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia. Un extracto publicarase no DOG ("ex" artigo 233.3 da Lei 6/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia) e Art. 47 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

- O prazo para presentar solicitudes contarase dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

- O nomeamento de funcionario titular da praza obxecto destas bases efectuarase no Boletín Oficial que proceda, consonte co establecido no Estatuto Básico de Emprego e demais disposicións de concordante e xeral aplicación e como mínimo no BOP e no DOG.

- Os restantes anuncios relacionados coa convocatoria regulamentada nestas bases publicaranse no taboleiro de edictos do Concello de Samos.

Disposición final terceira.

No non previsto nestas bases rexerá de modo complementario e supletorio a Lexislación de Réxime Local, da comunidade autónoma e estatal.

ANEXO I.

PROGRAMA PARA A SELECCIÓN DE UN ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO DE SAMOS (FASE DE OPOSICIÓN).

A) Parte xeral.

Tema 1.- A Constitución Española: Estructura e contido. Principios xerais. O seu carácter normativo. A reforma constitucional.

Tema 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois: Principios xerais. Concepto. Catalogación. Estudio dos diversos grupos. Garantía dos dereitos e liberda-

des.

Tema 3.- A Coroa: Carácter, sucesión e proclamación. Rexencia. Funcións. Especial referencia a reforma constitucional da Coroa. O refrendo dos actos de "El Rei".

